

Resolución sobre a Proposición de Lei Orgánica sobre Liberdade de Pensamento

Ante a presentación no Congreso dos Deputados dunha Proposición de Lei Orgánica sobre a Liberdade de Pensamento, a Secretaría de Ensino de Esquerda Unida-IU presenta a seguinte resolución:

Pode resultar un paradoxo que se pretenda regular a liberdade do individuo no tocante a pensamento, conciencia e relixión. Indo máis aló do paradoxo, en calquera caso, semella que existen confusións epistémicas. Non podemos esquecer que a relixión pertence de por si ao eido do pensamento e da conciencia dominado pola fe e a crenza. En tal caso, estas dúas, fe e crenza, serían as reguladas por lei. Entendemos que a confusión reside na equiparación de procesos mentais de racionalización co exercicio libre e privado derivado da crenza ou fe nun sistema de categorías que explica a relación entre o ser humano e o mundo no que vive. Abstracción e intanxibilidade fronte a concreción e tanxibilidade. O que si se pode regular é a concreción do acto e as súas repercusións na vida pública, pero non a Liberdade de Conciencia. Francia non tutela a liberdade de conciencia.

Como manifestou Rafael Gallego Sevilla, catedrático e membro da Organización Europa Laica, non existe termo medio: “ben o Estado respecta a Liberdade de Conciencia da cidadanía mediante o expediente da estricta neutralidade (laico) ou non o fai (confesional, multiconfesional ou ateo)”. Dito doutra forma, calquera expediente que se mova dentro dos termos actuais tutelar a liberdade de pensamento, conciencia e fe/crenza. Por poñer un exemplo claro, Francia é un estado laico, isto é asegura a neutralidade dos espazos públicos para unha sociedade por lóxica multiconfesional (manifestable no eido privado).

Pode que o erro de base repose en considerar que “aconfesional” é sinónimo de “laico”, ou pode que sexa por culpa da redacción deliberadamente ambigua do artigo 16.3 da Constitución Española. O certo é que aínda que semanticamente “aconfesional” e “laico” poden significar cáseque o mesmo, na pragmática política son termos que se diferencian de forma clara.

“Laico”, en base ao exemplo paradigmático de Francia, instala unha estricta neutralidade por parte do Estado como garante de que non se usarán os espazos públicos como medio de exposición, ensino e adoutramento de sistemas e símbolos relixiosos.

“Aconfesional”, no contexto español, implicaba que ningunha confesión ía ser considerada como preferente no marco estatal, nada máis, en principio, pero en ningún caso se di que o Estado non participará da mesma (“Ningunha confesión terá carácter estatal”). A redacción do artigo 16.3 é tan ambigua que por unha banda entra en contradición cos “Acuerdos Sobre Asuntos Jurídicos, Económicos, Educativos y Culturales”, o concordato asinado no 56, durante a cidadura

franquista, e renovado no ano 76 e 79, que son os que privilexian aos instrumentos difusores da relixión católica na vida pública española; e por outra banda, choca co que di a propia Constitución no mesmo artigo: “os poderes públicos terán en conta as crenzas relixiosas da sociedade española e manterán as conseguíntes relacións de cooperación coa Igrexa Católica e as demais confesións”.

Dito doutra forma, a aconfesionalidade que define a Constitución, a Lei integradora de todo o Estado, xa contén o xermolo da *pluriconfesionalidade* que, en base ás “crenzas relixiosas da sociedade española” e a eses Acordos se converte nun dominio da relixión católica, feito este que se manifesta nos tempos vacacionais e festivos da vida pública española. Nun Estado laico esta situación modificaríase. De novo, tutela da liberdade de conciencia por parte do Estado.

A proposición de Lei non menciona de forma expresa a estes Acordos, só de forma implícita cando din que “las relaciones de cooperación que protege la Constitución (artículo 16.3) entre el Estado y estas organizaciones deberán entenderse como una relación cordial”. En calquera caso, non podemos defender o carácter de relación cordial como unha porta de entrada para o establecemento da **multiconfesionalidade no sistema educativo** (como dá a entender o **art. 5.a.a**) da proposición), sobre todo se consideramos a desafortunada redacción do artigo 7 apartado b) como comentaremos de seguido.

Considerando que é imposible recoller nun articulado –pretendelo sería simplemente un erro epistémico de fondura- toda a casuística da liberdade de pensamento, conciencia, fe e crenza, e coincidindo con aspectos que son moi positivos e necesarios, esta Secretaría considera que hai outros que merecen unha reformulación:

1. Artigo 7 dedicado á Educación.

En primeiro lugar, resulta un tanto sorprendente ver a ambigüidade do articulado tanto no apartado a) como no b).

No **a)** defínese que “El estado garantizará un sistema de educación pública, aconfesional y coherente con los valores constitucionales”. Esta demanda choca co que Esquerda Unida-IU sempre defendeu: unha educación pública, **laica** e de calidade. O concepto “aconfesionalidade” está, como xa vimos máis arriba, xa inscrito na propia Constitución Española (art. 16. 3) e vemos como permite a existencia da relixión nas aulas. O concepto “aconfesionalidade” non garantiza de por si a existencia dun espazo público sen a presenza da relixión se non se acompaña da definición dunha neutralidade no eido público (isto é, a creación dun Estado laico).

No fondo, o que se solicita inscríbese dentro do que xa define o artigo 27.3 da Constitución Española e que permite a situación actual: “Os poderes públicos garantizan o dereito que teñen os pais para que seus fillos reciban a formación

relixiosa e moral que estea de acordo coas súas conviccións”, en clara resposta ao artigo 16.3 xa comentado.

No **b)** o dereito que se define: “derecho a recibir e impartir enseñanza e información cultural, ideolóxica, relixiosa y filosófica de toda índole”, dá a entender que ese dereito se vai a dar dentro do sistema educativo, o que demostra o acerto da nosa reflexión contraria ao apartado **a)**. Esta circunstancia non a entendemos e o artigo, para responder realmente á nosa acción como forza política, debe situar de forma clara o ensino da relixión fóra da aula e das escolas.

Tendo en conta estas circunstancias, **cómpre modificar a redacción do artigo 7**, xa que a súa formulación actual vai en detrimento da ideoloxía de Esquerda Unida-IU e mesmo vai en contra das bases da campaña “A educación nas escolas, a relixión nas igrexas”. A aprobación da Lei, nestes termos, deixa vía libre para que a relixión sempre viva ancorada no sistema educativo.

Esta Secretaría pensa que o marco axeitado para loitar por unha liberdade de pensamento real sería no marco da LOE, xa que é a Educación un dos piares esenciais para a conformación dunha cidadanía digna dese nome. Para tal feito, cómpre erradicar do pensamento que a escola é neutra. Non confundamos. Laica non significa unha escola despreocupada da educación en valores: loitar contra o racismo e a xenofobia a través da interculturalidade, traballar para erradicar unha educación sexista, ensinar o respecto pola alteridade (sexual, cultural e/ou relixiosa) faise desde unha escola comprometida, non neutra. Tendo en conta esta Lei Orgánica de Educación, que asegura os privilexios para a gran patronal eclesiástica, e á que se lle deu voto afirmativo, entendemos que esta Proposición só pode adecuarse a ese marco...como así fai en efecto e como cremos ter demostrado.

Unha circunstancia, ademais, cómpre poñer enriba da mesa, unha proposición de Lei Orgánica deste calibre debería ser comunicada antes ás diversas federacións e áreas para que puidesemos formular suxerencias, obxeccións e outras reflexións e sobre todo para non enterarnos a través do gabinete de prensa.

Polo tanto, reiteramos nesta resolución o desexo de que medre a comunicación e a información para o debate e o consenso entre o centro e a periferie e de que a defensa dos nosos ideais pasa por modificar o texto do artigo 7. En todo caso, insistimos no feito de que as liberdades de pensamento e conciencia, onde se manifesta a de fe e crenza, non deberían ser tuteladas polo Estado. Antes ben, a obriga moral de Esquerda Unida-IU é loitar e reivindicar de forma constante un Estado laico como garantía da neutralidade dos espazos públicos e como respecto pola multiconfesionalidade no eido privado. Aí repousa o piar da liberdade que se pretende legislar.

Compostela, 15 de xullo de 2006